

Solpor de gatos

Escaseza de recursos

 HÉITOR MERA

O poemario que hoxe nos ocupa foi condecorado co premio Afonso Eanes de Cotón. Nunha primeira lectura decatámonos de que, por moito premio que lle concedesen, non deixa de ser un poemario de tantos que pairan polas nosas librerías adiante.

Para facer poesía hai que ter algo que dicir, unha mensaxe clara, e Verónica e Antonio téñena; deprimente na súa esencia, pero téñena. É unha poesía á que non se lle pode negar unha claridade grande na súa enunciación e simboloxía.

Esas enunciacións parten dunha tendencia permanente ao longo do poemario que se ancora en momentos de monotonia remarcada pola repetición constante de versos en sitios clave do libro que insisten na intención lírica. Non se intentan perder en eclecticismos innecesarios. O lector sae cunha idea clara de cal é a finalidade comunicativa ao rematar a lectura. Hai un camiño vital compartido que se basea nos silencios e na melanco-

lía. Lean a chave última do poemario: (“Amencer así/impávido/roto/morto e tan triste”). Toda a oferta literaria circula a través destes versos aos que lles sa-



unha escuridade estudada, insistimos, símbolo evidente acompañado de silencios e pouco máis; a cuestión é que serve para alimentar a súa propia satisfacción.

Eis a claridade á que nos referíamos anteriormente. Hai unha mensaxe que dan, pero o efecto é exactamente o contrario do que pretenden. Non abrolla negatividade en todo o que nos contan, si un relamerse existencial que habería que estudar dende a perspectiva da psicoloxía para saber realmente que é o que pode haber aí detrás.

A poesía de Verónica e Fernando, proén, está inzada de ritmo e dinamismo, non demasiado acorde co ton que se lle pretende dar ao poemario. Non habendo habelencias métricas que non vaian máis alá do consabido versolibrismo, os contrarritmos e encabalgamentos en versos de arte menor, non son a mellor escollo formal para unha poesía como a que nos ofrecen.

MARTÍNEZ DELGADO, Verónica/FERNÁNDEZ SEOANE, Antonio, *Cara a un solpor de gatos*, Ed. tresCres, Santa Comba, 2006, 83 páxinas

en tentáculos de silencio, desesperación, desánimo ou desesperanza. Os recursos rematan xusto onde comezan e pouco máis.

Esa incapacidade tórnase, transfórmasen nun goce morboso de desazóns non contidas. Os “eus líricos” non expresan eses sentimentos porque lles producen, efectivamente, ese desánimo ou esa perda angustiosa e existencialmente tendente cara un solpor,